

ITINERARIO LECTOR 4º

O noso itinerario lector consistiu na lectura e traballo dos seguintes libros:

- Escarlatina, a cociñeira defunta. Leticia Costas
- James y el melocotón gigante. Roald Dahl.
- Eu tamén fun pequena. Concha Blanco.

Temporalización: 1º, 2º e 3º trimestre

A continuación, desglosamos as actividades que fixemos libro por libro.

EU TAMÉN FUN PEQUENA

AUTORA: Concha Blanco.

ILUSTRACIÓNS: Dani Padrón.

EDITORIAL: Xerais

COLECCIÓN: Mertín.

LINGUA: Galega.

XÉNERO: Narrativa.



RESUMO: Todas as noites, antes de durmir, a avoa Concha cóntalles ás súas netas lembranzas da infancia nos anos cincuenta na aldea de Lires. A través dos recordos da avoa e das preguntas que fan as nenas Ana e Mariña, abórdanse temas como o coñecemento e respecto polas tradicións, a importancia do esforzo e a valoración da lingua galega. A avoa sabe que recordar é volver a vivir.

As actividades realizadas foron as seguintes:

Actividades previas á lectura

Deseño da portada do libro como se o alumnado fose o seu ilustrador (antes de ver a orixinal e dándolles só o título). Tratar de dar resposta á pregunta “*Sobre que cres que trata o libro?*”


Actividades durante a lectura:

Lectura en voz alta do libro, debatindo sobre o contido de cada capítulo despois da lectura do mesmo.

A medida que se avanza na lectura, formulación de preguntas orais sobre o que está a acontecer para comprobar a súa comprensión.


Actividades despois da lectura:

Resumo de cada capítulo e posterior opinión sobre o contido do mesmo, acompañado dunha ilustración.



Actividade final:

Creación dun anecdotario sobre as avoas do alumnado.



ESCARLATINA, A COCIÑEIRA DEFUNTA

AUTORA: Leticia Costas

ILUSTRACIÓNS: Víctor Rivas

EDITORIAL: Xeráis

LINGUA: Galego

XÉNERO: Merlín

RESUMO: Como Román Casas quería ser un auténtico chef, pediulle aos pais un curso de cociña para o seu décimo aniversario, que coincide co Día de Defuntos, a festa dos mortos. Nese día tan especial recibiu un megasusto: un cadaleito acompañado dun sobre onde viñan as instrucións para activar a Escarlalina, unha cociñeira falecida no século XIX que nunca se separa de Lady Horreur, un arrepianse arañón con acento francés. A bordo do mortobús, os tres novos amigos e mais o gato Dodoto viaxarán ao Inframundo, onde os defuntos viven baixo as ordes de Amanito, o tirano que goberna no Alén. Unha historia de humor macabro que estimula o apetito do lector e a curiosidade polo mundo da cociña.



Actividades previas á lectura

Análise da portada do libro. Observación e resposta á pregunta “*Sobre que credes que trata o libro vendo a súa portada?*”

Actividades durante á lectura

Lectura do libro en gran grupo durante diferentes sesións diarias, entre elas a Hora de ler.

Busca e explicación de palabras das que descoñecen o significado.

A medida que se avanza na lectura, formulación de preguntas orais sobre o que está a ocorrer para comprobar a súa comprensión.




Actividades despois da lectura

Elaboramos un mural cunha ilustración do libro, que colgamos no corredor do centro.



Elaboración dun recetario de receitas deliciosas e non tan deliciosas.





JAMES Y EL MELOCOTÓN GIGANTE

AUTORES: Roald Dahl


ILUSTRACIONES: Quentin Blake

EDITORIAL: Loqueleo

LINGUA: Castelán

XÉNERO: Narrativa.

RESUMO: James y el melocotón gigante es una historia de Roald Dahl, el gran autor de literatura infantil. James es un niño huérfano que vive con dos tías muy severas que le hacen la vida imposible. Pero un día, un extraño personaje le regala un cucurucho de bolitas mágicas que hacen crecer sorprendentemente al viejo melocotonero del patio. Montado en un melocotón gigante, James inicia un viaje fascinante por el mundo entero...



Actividades previas á lectura

Análise da portada do libro. Observación e resposta á pregunta “*Sobre que cres que trata o libro vendo a súa portada?*”

Actividades durante á lectura

Lectura do libro en gran grupo durante diferentes sesións diarias, entre elas a Hora de ler.

Busca e explicación de palabras das que descoñecen o significado.

A medida que se avanza na lectura, formulación de preguntas orais sobre o que está a ocorrer para comprobar a súa comprensión.


Actividades finais


Creación dunha nova portada do libro.





Elaboración dunha ficha técnica do mesmo. Onde se recollen os datos máis significativos do libro e a opinión personal do alumnado.





Ficha de Lectura

Datos del lector:
 Nombre y apellidos: Nicolas... Curso: 4º C
 Fecha inicio lectura: ... Fecha fin lectura: ...

Datos del libro:
 Título: Book & Bill y el melocotón gigante
 Autor: Book & Bill
 Editorial: Los rulos Número de páginas: 207

Personajes:
 Protagonista /as: Jane
 Otros personajes: ...

Resúmen:

Jane vive en un mundo que vive con sus hijos una vida muy feliz. Pero un día se despierta por un momento y se da cuenta de que el mundo no es como ella veía. Le da una idea de lo que es el mundo real y se salvan en un momento y todo el mundo sabe lo que es un mundo real y el mundo grande del melocotón.

Opinión personal:
 Me ha gustado (colorea lo que corresponda):

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

Valoración (me ha gustado por... / no me ha gustado por... / lo recomiendo por...)

Me ha gustado por que tiene acción...
no me ha gustado por que en algunos puntos es muy aburrido...
lo recomiendo por que entre tiene mucha...

